

DOMINGO 26 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Num 11, 25-29

"Tes celos por min? ¡Quen dera que todo o pobo do Señor fosen profetas

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DOS NÚMEROS

Descendeu o Señor nunha nube e faloulle a Moisés; despois tomou do espírito que había nel e infundíulle aos setenta anciáns. En canto o espírito repousou sobre eles, puxéronse a profetizar; pero nunca máis o volveron facer. Quedaran no campamento dous homes, un deles chamado Eldad e o outro Medad. O espírito repousou tamén sobre eles, pois figuraban entre os inscritos, aínda que non saíran para a Tenda, e profetizaron no campamento. Un rapaz correu a comunicarllo a Moisés, dicindo: -¡Eldad e Medad profetizan no campamento! Entón Xosué, fillo de Nun, ministro de Moisés, escolleito por el, díxolle:

- "¡Meu Señor, Moisés, prohíbello!"

Mais Moisés respondeulle:

- "Tes celos por min? ¡Quen dera que todo o pobo do Señor fosen profetas, e que o Señor lles dese o seu espírito!"

SALMO RESPONSORIAL Sal 18, 8. 10. 12-13. 14

R/ (9a): Os mandatos do Señor son rectos: aledan o corazón

A lei do Señor é perfecta:
reconforta a alma;
a declaración do Señor é firme:
fai sabio ao inxenuo;

o temor do Señor é puro:
permanece por sempre;
as decisións do Señor son verdadeiras:
enteiramente xustas.

Aínda que o teu servo os quere cumprir
e pon coidado en gardalos,
quen se decata dos erros?
Límpame ti de canto se me esquece,

preserva ao teu servo da soberbia,
para que non me domine.
Entón serei perfecto,
limpo de pecados graves.

SEGUNDA Sant 5, 1-6

As vosas riquezas podreceron

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SANTIAGO APÓSTOLO

E vós, os ricos, chorade e berrade polas desgrazas que van vir enriba de vós. A vosa riqueza está podrecida; a vosa roupa chea de couza; o voso ouro e a vosa prata, enferruxados; e a mesma ferruxe será testemuño en contra vosa e, coma se for lume, comerá as vosas carnes. ¡Estades atesourando na fin dos tempos! ¡Atención! O xornal que non lles pagastes aos obreiros que vos fixeron a seitura está clamando e o seu berro chega aos oídos do Señor dos Exércitos. Vivistes na terra cheos de fartura e cebastes os vosos corazóns nos praceres para o día da matanza. Condenastes o xusto e matástelo sen que el vos fixese fronte.

ALELUIA Cf Xn 17, 17b. a:

A túa palabra, Señor, é verdade; santifícanos na verdade

DOMINGO 26 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 9, 38-43. 45. 47-48

Quen non está contra nós, está connosco. Se a túa man te escandaliza, córtaa

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela díxolle Xoán a Xesús:

- Pois vimos un que botaba demos no teu nome e quixémosllo privar porque non é dos nosos.

Xesús contestoulle:

- Pois non llo privedes, porque ninguén que faga milagres no meu nome fala despois mal de min. O que non está contra nós, está connosco. Ademais, todo aquel que vos dea un vaso de auga por serdes seguidores de Cristo, tende por seguro que non quedará sen recompensa.

E a quen escandalice a un destes pequeniños que cren en min, éralle mellor que lle colgasen do pescozo unha pedra de muíño, e o largasen ao mar. E se a túa man te fai caer, córtaa: máis che vale entrar manco na vida que ir parar coas dúas mans ao inferno, no lume que nunca se apaga. E se o teu pé te fai caer, córtao: mellor será que entres coxo na vida, que ir dar cos dous pés no inferno. E se o teu ollo te fai caer, arríncao: máis che vale entrar cego no Reino de Deus e non que te boten cos dous ollos no inferno, onde o verme non morre nin o lume se apaga.